



## CONCELLO DE BOIRO

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**VISTO** o inicio da tempada de baño nas praias do municipio, é necesario a contratación de socorristas de conformidade ó establecido na normativa UNE 187001:2011 que rixe a Q de calidade turística e a guía de interpretación dos criterios de Bandeiras Azuis para praias.

Vista a solicitude de baixa voluntaria dun socorrista contratado, con data de efectos de 10/07/2016 e tendo en conta a inexistencia de suplentes nos anteriores procesos de selección, é necesario realizar novo proceso de selección para cubrir as prazas necesarias,

**CONSIDERANDO** as directrices establecidas no art. 20 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

**CONSIDERANDO** as atribucións conferidas polo artigo 21.1. g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril,

### RESOLVE:

**Primeiro:**- Que se proceda á confección dun sistema de listas na que figuren os aspirantes que cumpran cos requisitos establecidos nestas bases para a provisión con carácter laboral temporal de socorristas.

**Segundo:**- Para darlle publicidade a esta selección, insertarase un anuncio nun periódico de tirada comarcal e exporase un anuncio no taboleiro municipal de anuncios e en todos aqueles lugares onde se considere oportuno ata o **11/07/2016**.

### ANEXO

#### **BASES PARA A SELECCIÓN DE 3 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE SOCORRISTA ACUÁTICO EN ESPACIOS NATURAIS.**

#### **1º .-OBJECTO:**

A regulación do procedemento para a cobertura con carácter temporal de postos de socorrista acuático, que desempeñarán ás funcións propias do posto para atende-las necesidades de socorrismo nas praias do municipio.

**2º.- SISTEMA DE ACCESO:** Concurso-oposición.

#### **3º.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS:**

Para poder tomar parte no Concurso será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- A) Pertencer a calquera dos Estados asinantes do Tratado da Unión Europea e o Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, con coñecementos suficientes da lingua castelá e/ou galega.
- B) Os estranxeiros que non pertenzan a algún dos Estados asinantes do Tratado da Unión Europea, deberán ter permiso de traballo cunha duración mínima de 12 meses, a titulación esixida para o posto ó que optan homologada polo Estado español e os coñecementos suficientes de lingua castelá e/ou galega.
- C) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder de aquela para a xubilación forzosa por idade (Punto 4.1.2 da norma UNE 187001:2011 de AENOR de Q de Calidade)
- D) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo.



## CONCELLO DE BOIRO

A condición de minusvalía ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme á normativa vixente e referida ó día de formalización do contrato mediante certificado médico oficial, caso de ser seleccionado.

E) Non estar afectado por motivos de incompatibilidade recollidos nas disposicións da Lei de Incompatibilidades referidos ó persoal das Administracións Públicas.

F) Deberán acreditar estar en posesión de, como mínimo o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. G) Estar en posesión de diploma ou certificado que acredite o nivel CELGA 3 do idioma galego ou equivalente.

H) Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia na sección de socorristas en espazos acuáticos naturais.

I) Deberase estar en posesión do título de socorrista acuático ou equivalente.

Os aspirantes que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias no Rexistro Xeral do Concello de Boiro **ata o día 11/07/2016 ás 13:30 horas** e irán acompañadas da seguinte documentación (copias compulsadas ou orixinais):

- DNI.
- Certificado que acredite, como mínimo, estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- Xustificante de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia na sección de socorristas en espazos acuáticos naturais
- Currículum persoal sobre titulación e experiencia profesional vinculada a esta actividade, coa correspondente acreditación documental, mediante orixinais ou copias compulsadas.
- Certificado que acredite, como mínimo, o nivel de CELGA 3 do idioma galego.
- Certificado médico en impreso oficial ou informe de saúde que acredite que o/a candidato/a reúne as condicións físicas e psíquicas necesarias para ocupa-lo posto de traballo ó que aspira. A tal efecto faise constar expresamente que serán excluídos do proceso de selección aqueles candidatos que presenten lesións de corazón, pulmón ou intestinais, trastornos psicolóxicos, incapacidades do aparato locomotor enfermidades infecciosas ou obesidade, así como cegueira ou xordeira. **O certificado médico/ informe de saúde deberá necesariamente pronunciarse sobre estes aspectos.**

### 4º.- TRIBUNAL:

A comisión encargada da elaboración desta lista estará constituída da forma seguinte:

- Presidente: O secretario da corporación ou persoa en quen delegue
- Secretario: D. Martín Blanco Buceta (Suplente: Dna. Monsterrat Torrado Tarela)
- Vocais: Dna María Mariño Poza (Suplente: D. Manuel Martínez Varela)  
D. Ignacio Javier Pérez Hermo (Suplente: D. Jesús A. Moledo Sieira)  
D. Eugenio Rodríguez Fernández (Suplente: D. Antón Rodríguez Gallardo).

Esta comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do Presidente e do Secretario.

Esta comisión, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer-la incorporación ó mesmo de Técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de puntuación, baixo a dirección da comisión, actuando con voz pero sen voto.



## CONCELLO DE BOIRO

### 5º.- BAREMACIÓN E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

1.- Con data de **12/07/2016** publicarase no taboleiro de anuncios do concello, un listado cos candidatos admitidos e excluídos, indicando as causas de exclusión.

2.- Contra este listado, os interesados poderán formular reclamación perante a comisión en escrito dirixido ó Sr. Alcalde ata o día **13/07/2016**.

3.- Resoltas as reclamacións, publicaranse as listas definitivas do mesmo xeito ó establecido para as provisionais o día **14/07/2016** nas que se farán constar os candidatos que pasan á fase de oposición.

**A tal efecto os aspirantes admitidos quedan convocados para o venres 15/07/2016 ás 11.30 horas na Praia de Carragueiros.** Serán convocados para as probas selectivas por nomeamento único e a non presentación ó momento de ser chamados determinará automaticamente, salvo caso de forza maior acreditada de maneira fidedigna, e apreciada libremente polo Tribunal, o decaemento do seu dereito a participar no mesmo e nos sucesivos, quedando excluído, na súa consecuencia, do proceso selectivo. O Tribunal poderá requirir en calquera momento ós aspirantes que se identifiquen debidamente. A tal efecto deberán de concorrer provistos do DNI.

Por non ser de obrigatoria a súa publicación, os anuncios de celebración das sucesivas probas ou exercicios, si eso procedese, con indicación do lugar e hora en que tivesen lugar, expóranse no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, ó menos con 48 horas de antelación.

A puntuación final será o resultado da suma dos puntos obtidos na fase de oposición e méritos.

Inmediatamente despois da calificación final, o Tribunal fará pública a relación cas puntuacións finais, e elevará proposta de listaxe de contratación por orde decrecente de puntuación ó alcalde, que fará o nomeamento definitivo mediante resolución de alcaldía, formalizándose o contrato laboral temporal suxeito á lexislación laboral, Estatuto dos Traballadores e normas que o desenvolvan, debendo presentar no Departamento de Persoal a documentación esixida nas Bases.

### 6º.- FACULTADES DO TRIBUNAL

O tribunal queda facultado para resolver tódalas cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento das probas ou na cualificación e resolverá das mesmas, podendo adoptar cantas medidas estimen oportunas para a debida orde de selección, así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten e cando a súa resolución non este prevista nestas bases.

Para o non previsto nas presentes bases aplicarase a normativa referente ó ingreso de persoal das Administracións Públicas.

### 7º.- OPOSICIÓN.

**1.- Proba Física:** Consistirá na realización dunha proba física de carácter obrigatorio. A non comparecencia ó mesmo implica a eliminación.

**A tal efecto os aspirantes admitidos, quedan convocados para o venres 15/07/2016 ás 11:30 horas na Praia de Carragueiros.**

Esta proba física realizarase na Praia de Carragueiros, que terá **unha valoración de 0 ata 10**, consistente en percorrer o seguinte:

- . 200 m. de carreira pola area co material de salvamento (aletas e flopi)
- . Entrada á auga e nado duns 600 m. co material de salvamento
- . Chegar á area e percorrer uns 200 m. co material de salvamento



## CONCELLO DE BOIRO

\*Nota: as distancias variarán en función do estado do mar, así coma a utilización do flopi.

**Cada aspirante terá que traer as súas propias aletas para a realización da proba.**

→ O tempo contarase a partires do primeiro aspirante a pasar pola meta.

### TÁBOA DE PUNTUACIÓNS:

HOMES	PUNTOS	MULLERES	PUNTOS
1º clasificado	10	1ª clasificada	10
+ 0,18''	9	+ 0,18''	9
+ 0,36''	8	+ 0,36''	8
+ 0,54''	7	+ 0,54''	7
+ 1,12''	6	+ 1,12''	6
+ 1,30''	5	+ 1,30''	5
+ 1,48''	4	+ 1,48''	4
+ 2,06''	3	+ 2,06''	3
+ 2,24''	2	+ 2,24''	2
+ 2,42''	1	+ 2,42''	1
+3,00''	0	+3,00''	0

**2.- Coñecemento da lingua galega:** Os aspirantes que non puideran acreditar o coñecemento da lingua galega, realizarán unha proba de coñecemento dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdooos ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou no apto.

Sen embargo, as persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida de acordo co previsto na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, mediante a presentación do certificado que acredite ter, como mínimo o CELGA 3, daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto.

### 8º.- BAREMOS DE VALORACIÓN.

*Unha vez realizada a fase de oposición, valoraranse os méritos aportados polos candidatos que teñan aprobada a fase de oposición.*

1).- **Titulación.** Máximo 1 punto. Valoraranse as titulacións relacionados co posto de socorrista acuático:

- Ciclo de grao superior (ou equivalente): 0,25 puntos
- Diplomatura: 0,5 puntos
- Licenciatura/ Grao: 1 punto

Soamente se puntuará a titulación de maior nivel acreditada. A tal efecto achegarase ademais da copia do título, copia do listado de materias impartidas e aprobadas onde apareza a relación da titulación co posto.

2).- **Carnés e/ou permisos:** Máximo 0,35 puntos.

- Carné de conducir clase B: 0,10 puntos.
- P.N.B., P.E.R. ou titulación: 0,25 puntos.

3).- **Experiencia profesional.**- Máximo 1 punto.



## CONCELLO DE BOIRO

*Valoraranse traballos prestados nas diferentes administracións públicas e/ou empresas privadas como socorrista acuático en espazos naturais a razón de 0,05 puntos/mes.*

*A puntuación outorgarase por meses efectivos de traballo a xornada completa. As contratacións a tempo parcial prorratearanse segundo corresponda e o resto de días soltos sumarán meses se alcanzan o número de 30.*

*Esta experiencia laboral acreditarase mediante contrato de traballo e certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.*

#### **4).- Formación complementaria. Máximo 1 punto.**

*Valoraranse cursos que estean relacionados coas funcións a desenvolver da maneira que segue:*

*a) Por cada curso impartido polas administracións públicas, universidades ou o SPE relacionado coas funcións que se van a desempeñar:*

- De 20 a 59 horas: 0,1 punto/curso
- De 60 a 99 horas: 0,2 puntos/curso
- De 100 a 149 horas: 0,5 punto/curso
- De 150 ou mais: 0,75 puntos/curso

*Neste apartado inclúense os cursos de Técnicos Superiores e/ou Másters impartidos polas universidades públicas*

*b) Curso DESA (desfibrilador semiautomático): 0,25 puntos.*

*c) Non se valorará ningún curso que non sexa impartido pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellerías) Administración do Estado (Ministerios) Universidades Públicas e Servizo Público de Emprego, ou que non estean debidamente homologados polos mesmos organismos.*

*d) Non se valorará ningún curso en que a materia estea comprendida dentro do temario doutro curso de máis horas presentado polo mesmo solicitante.*

### **9º.- INCOMPATIBILIDADES.**

Os/as seleccionados quedarán suxeitos/as ó réxime de incompatibilidades do sector público conforme á normativa vixente.

### **10º.- RECURSOS.**

As presentes bases poderá ser recorridas polos/as interesados/as ante o xulgado no prazo de DOUS MESES, dende o día de publicación no taboleiro de anuncios de Concello de Boiro.

**Terceiro:-** Da presente resolución darase conta ó Pleno da corporación na vindeira sesión ordinaria que este órgano realice.

O que manda e asina o Sr. Alcalde en funcións, en Boiro a cinco de xullo de dous mil dezaseis.

O alcalde,

Juan J. Dieste Ortigueira

O secretario,

Dalmiro Núñez Méndez